VI Concurso de Xoves Intérpretes Antonio Granja

3 e 4 DE DECEMBRO DE 2022

AUDITORIO DO ROSAL

Organiza:

amdor
AGRUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL

Patrocinan:

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

CONCELLO O ROSAL

Colaboran:

COMUNIDADE DE MONTES STA. MARIÑA D'O ROSAL

FUNDACIÓN O ROSAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

VI CONCURSO DE XOVES INTÉRPRETES "ANTONIO GRANJA"

BASES DA CONVOCATORIA

1. O concurso terá lugar os días **sábado 3 (categorías A e B) e domingo 4 (categoría C) de decembro de 2022**, no Auditorio Municipal do Rosal.

2. O concurso dividirase nas seguintes tres categorías:

   CATEGORÍA A: Solistas ou grupos de cámara, que sexan alumnos ou compoñentes da Agrupación Musical do Rosal, con idades entre 10 e 12 anos inclusive*.

   CATEGORÍA B: Solistas ou grupos de cámara, que sexan alumnos ou compoñentes da Agrupación Musical do Rosal, con idades entre 13 e 16 anos inclusive*.

   CATEGORÍA C: **Solistas (non grupos) de calquera procedencia, entre 17 e 23 anos inclusive*.**

   (*): Idades cumpridas a data 31/12/2022. No caso dos grupos, considerarase a idade media dos participantes tamén a dita data, que terá que estar dentro dos mesmos rangos.

   NOTA:
   Nas categorías A e B, un participante non poderá presentarse en máis dunha formación de cámara. Si poderá presentarse como solista na mesma categoría e tamén como solista en varias especialidades. Na categoría C, non poderá presentarse o gañador da edición anterior.

3. Aceptaranse participantes das seguintes especialidades:

Categorías A e B (solistas ou grupos)	**FRAUTA** **SAXOFÓN** **TROMBÓN BAIXO** **PERCUSIÓN**	**ÓBOE** **TROMPA** **BOMBARDINO** **PIANO**	**CLARINETE** **TROMPETA** **TUBA** **GAITA**	**FAGOT** **TROMBÓN** **VIOLONCELLO** **GUITARRA**
Categoría C (só solistas)	**FRAUTA** **SAXOFÓN** **TROMBÓN BAIXO**	**ÓBOE** **TROMPA** **BOMBARDINO**	**CLARINETE** **TROMPETA** **TUBA**	**FAGOT** **TROMBÓN** **VIOLONCELLO**
	PERCUSIÓN			

4. Límite de participantes:
   As categorías A e B non terán límite. **Na categoría C, aceptaranse ata un máximo de 30 participantes**. No caso de recibirse máis de 30 solicitudes, seleccionaranse os participantes por sorteo. No mesmo sorteo elaborarase unha lista de suplentes.

5. Os participantes deberán facer chegar á oficina da Agrupación Musical do Rosal, a seguinte documentación, **antes das 21:00 horas do 11/11/2022**:
   - Fotocopia do DNI ou pasaporte.
   - Boletín de inscrición correctamente cuberto (importante descrición do material a utilizar para participantes de percusión).
   - Fotocopia da obra ou obras a interpretar, coa parte de piano correspondente no caso de habela.
   - Xustificante do pago das taxas de participación correspondentes á súa categoría, que serán:

     Categorías A e B: **5 euros**
     Categoría C: **20 euros**

Ditas cantidades poderán aboarse na oficina da Agrupación, en metálico, ou na conta bancaria: **IBAN: ES34 2080 5439 3030 0011 1318** (Abanca)

No ingreso detallarase o nome do participante e, no concepto, "CONCURSO ANTONIO GRANJA". Non se reembolsarán ditas taxas aos alumnos seleccionados no caso da non participación o día do concurso sen aviso previo (ver punto 9 das bases).

6. A documentación poderá ser presentada vía e-mail a **info@agrupacionmusicaldorosal.com** ou ben por correo certificado, á dirección:

Agrupación Musical do Rosal
Rúa Couso, s/n - Auditorio Municipal
36770 O ROSAL (Pontevedra)

7. Desenvolvemento do Concurso:

Categorías A e B	Desenvolverase unha única fase, á continuación da cal o xurado deliberará os gañadores. A hora de comezo do concurso publicarase xunto coa lista de admitidos.
Categoría C	O concurso desenvolverase en dúas fases, ambas o mesmo día: ***FASE ELIMINATORIA:*** Nesta fase elixiranse 7 participantes que pasarán á fase final. Levarase a cabo en dúas quendas: quenda de mañá (de 10:00 a 14:00) e quenda de tarde (de 16:00 a 18:00). Mediante o sorteo de selección de participantes, elaborarase tamén o horario de actuación, a intervalos de 10 minutos. Cada participante terá un tempo máximo de 10 minutos, no que interpretará unha obra ou movemento de libre elección, con ou sen acompañamento de piano. O xurado poderá, na fase eliminatoria, interromper a actuación ao excederse do tempo permitido (10'), ou mesmo antes dese tempo se o considera oportuno. ***FASE FINAL:*** Terá lugar ás 20:00 horas do mesmo día. Os 7 finalistas interpretarán (na orde na que actuaron na eliminatoria) unha obra ou movemento de libre elección (a mesma ou non que na fase eliminatoria), con ou sen acompañamento de piano, sen exceder os **15 minutos**. Nesta fase final, o xurado non interromperá a actuación a menos que o intérprete se exceda dese tempo.

8. Pianistas acompañantes:
Na categoría C, cada participante encargarase de traer pianista acompañante no caso de necesitalo (a Agrupación colaborará dando información a quen a pida sobre a disposición de pianistas da zona). Para as categorías A e B, a Agrupación facilitará o pianista a quen o solicite, sen custe algún.

9. Lista de admitidos e suplentes:
Unha vez rematado o prazo de inscrición, e antes do **16/11/2022**, realizarase o sorteo do que se extraerá a lista de admitidos (na categoría C) e o seu horario de participación, e mais unha lista de suplentes (as listaxes serán publicadas na páxina web e nas RRSS da Agrupación). A

organización procederá, nos días posteriores, á devolución das taxas de participación aos aspirantes non seleccionados.

En caso de imposibilidade para participar de algún dos seleccionados, a organización devolveralles as taxas, sempre e cando o notifiquen antes do **21/11/2022**. Ante esas posibles baixas, a organización pasará a invitar a participar a suplentes, por orde de lista.

10. O xurado do concurso estará composto, en cada categoría, por un tribunal formado por tres membros, que serán os encargados de valorar a cada intérprete. O director da Agrupación formará parte do tribunal como secretario, con voz pero sen voto.

11. PREMIOS:

Categoría A	*Concederase un* 1º PREMIO, con Diploma e vale por 50 € en material musical
Categoría B	*Concederase un* 1º PREMIO, con Diploma e vale por 100 € en material musical
Categoría C	*Concederanse os seguintes TRES premios:* - **1º PREMIO,** premio **"Concello do Rosal" dotado de DIPLOMA e 500 €.** - **2º PREMIO**, dotado con **Diploma e 300 €**. - **3º PREMIO**, dotado con **Diploma e 200 €**. - Catro Diplomas de "Finalista", ao resto dos participantes da fase final non premiados.

Ademais dos premios, tódolos concursantes recibirán un diploma de participación. Os premios estarán suxeitos ás retencións fixadas pola lexislación vixente.

12. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

13. A entrega de premios terá lugar ao remate de cada xornada, despois da deliberación do xurado.

14. A organización resérvase o dereito de utilización das fotografías e vídeos realizados durante o concurso.

15. A organización resérvase o dereito de introducir modificacións a estas bases no caso de estimalo oportuno.

16. A participación no concurso supón a total aceptación destas bases.

No Rosal, a 17 de outubro de 2022

amdor

AGRUPACIÓN MUSICAL DO ROSAL

Contacto:

Tlfs: 986.626.311 / 609.866.792

info@agrupacionmusicaldorosal.com